

## CONVOCATORIA DE REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Data:** **Viernes, 25 de marzo de 2022.**  
**Hora de comezo:** **10:30 horas.**  
**Reunión:** **11/2022**

### **CONVOCADOS:**

**Presidente:** Don Carlos Lopez Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

#### **Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG.
- D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

### **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación das actas das reunións dos días 10 de marzo de 2022 (Reunión 09/2022) e 17 de marzo de 2022 (Reunión 10/2022).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U., no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio publicitario das conferencias do Club Faro de Vigo durante o ano 2022. (Expte.- 2022003748).
3. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do seguro de responsabilidade civil patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería 2022. (Expte.- 2022003542).
4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).
5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación dun sistema de impresión e dixitalización para entidades locais da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2021039471).
6. Aprobación da valoración dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución. (Expte.- 2021039099).
7. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de dixitalización de diversos fondos da Deputación de Pontevedra e xeración de entregables de preservación e difusión do fondo dixitalizado da Institución. (Expte.- 2021039099).

O que lle participo ós efectos oportunos, pregándolle que se non pode asistir, teña a ben poñelo en coñecemento desta Secretaría.